



ALUMNADO 2º CURSO BACHARELATO QUE SUPERE TODAS AS MATERIAS NA CONVOCATORIA ORDINARIA DE MAIO 2024

DOCUMENTOS E TAXAS PARA A SOLICITUDE DO TÍTULO E PARA A AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA ACCESO Á UNIVERSIDADE (ABAU)

UNHA VEZ QUE TEÑAN AS CUALIFICACIÓNS FINAIS, PODEN RECOLLER OS IMPRESOS PARA O PAGO DAS TAXAS NA OFICINA DO CENTRO OU DESCARGALOS DOS ENDEREZOS QUE FIGURAN ABAIXO.

ENTREGA NA OFICINA DO CENTRO: DO 16 AO 20 de MAIO 2024

DOCUMENTOS E TAXAS PARA A EXPEDICIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL:

- Orixinal e fotocopia do DNI (actualizado) da/o alumna/o.
- Impreso de TAXAS DE AUTOLIQUIDACIÓN. Este impreso facilítase no centro ou pódese cubrir e descargar da páxina:
<http://www.atriga.gal/es/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>.

- 1- Taxa ordinaria: **54 €**
- 2- Taxa Familia Numerosa de categoría xeral: **27,03 € (*)**
- 3- Taxa Familia Numerosa de categoría especial: **Gratuíta (*)**

DOCUMENTOS E TAXAS PARA A (ABAU):

- Orixinal e fotocopia do DNI da/o alumna/o (**SEN RECORTAR E NUN FOLIO COAS DÚAS CARAS NO MESMO LADO PARA FACER A COMPULSA**).
- Xustificante de ter aboado os prezos da matrícula, ou no seu caso documentación que acredite a exención. O impreso facilítase no centro ou pódese cubrir e descargar da páxina: <https://ciug.gal/gal/abau>. Se sé descargase de CIUG imprimir por triplicado (unha vez feito o pago na entidade bancaria, una copia quedará alí, outra é para entregar no centro educativo xunto coa outra documentación e a terceira para a persoa interesada).
- Formulario de solicitude da vía ou vías de acceso polas que se concorre á ABAU (facilitado no centro que tamén se pode cubrir e descargar na páxina: <https://ciug.gal/gal/abau>).

- 1- Taxa ordinaria: **63,67 €**
- 2- Taxa Familia Numerosa de 1ª-2ª categoría xeral (*): **31,84 €**
- 3- Taxa Familia Numerosa de honra categoría especial: **Gratuíta (*)**

(*) O alumnado que pertenza a Familia numerosa deberá presentar no momento da matrícula fotocopia do libro de familia numerosa ou carné, vixente no prazo da matrícula.

Beneficiarios de matrícula gratuíta da ABAU:

- **O persoal das tres universidades de Galicia os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación. A gratuidade deberá acreditarse mediante certificación dos respectivos Servizos de Persoal e no caso de cónxuxe e fillos/as por medio da fotocopia do libro de Familia. A situación que dá dereito a axuda deberá estar vixente no momento da matrícula.**
- **Condición de persoas con discapacidade (maior ou igual ao 33%) ou vítima de acto terrorista** terán que acreditar estas situacións coa correspondente resolución administrativa pola que se reconece esa condición e deberán presentala necesariamente no prazo de matrícula fixado para que teña eficacia.
- **Condición de vítima de violencia de xénero, acreditarase mediante calquera das formas previstas no artigo 5 de Lei 11/2007 do 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.**
- **Persoas beneficiarias do ingreso mínimo vital acreditada mediante resolución do INSS prevista no artigo 28.3 da Lei 19/2021 do 20 de setembro**

Consultar en: <https://ciug.gal/gal/abau> información sobre o protocolo de normas de acceso, material permitido, etc.